

Expediente IET: P-20-300
Proxecto: Parque eólico Alvite II
Concello: Mazaricos, Negreira e Santa Comba (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 28/04/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de Parque eólico Alvite II.

1. Antecedentes:

Con data do 19/06/2020 o IET emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental. Nese informe indicase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e indicábanse distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental (con data xaneiro 2022, asinado o 18/01/2022) e un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico.

O proxecto consiste na construción do parque eólico Alvite II, de 27 MW, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de



montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento, zona de amoreamentos e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 120 metros, e 155 metros de diámetro de rotor. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 127,5 metros. Os camiños proxectados de nova execución acadan unha lonxitude de 2.254m, sendo necesario acondicionar un total de 3.235m de camiños existentes. A zona de acopio e campamento supón 1Ha.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado o 19/06/2020. As máis salientables son o desprazamento cara o norte de tres aeroxeradores A01, A02 e A03, concretamente o A01 doutro lado da estrada AC-400, e modificando polo tanto a poligonal do parque e o trazado dos camiños, a modificación na localización da torre meteorolóxica, a substitución da subestación por un centro de seccionamento e a reordenación do espazo para amoreamentos.

Cabe sinalar que a máquina A06 sitúase fora do límite da ADE

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP (con data de agosto 2021) como *Anexo 2* e un estudo de impacto visual sobre a camiño de Santiago como *anexo 15*.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o lugar no que se proxecta a actuación localízase nas grandes áreas paisaxísticas Chairas e Fosas Occidentais e Rías Baixas, nas comarcas paisaxísticas Terra de Xallas e Muros, respectivamente.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, situándose as máis próximas, a AEIP-08-02 Baixo Tambre a uns 9 km ao sur e a AEIP-07-08 Carballeiras de San Cibrán a uns 9,5 km ao leste. Respecto aos miradoiros, os máis próximos sitúanse a 11 km ao sur, caso do miradoiro Alto da Parade-la, e a uns 11,5 km o de Santa Mariña. Así mesmo, cabe indicar que aproximadamente a un quilómetro ao norte do grupo de aeroxeradores da zona sueste do parque, localízase o lugar de especial interese paisaxístico (LEIP) "Campamento romano de Cornado" que foi sinalado no proceso de participación pública do Catálogo.

En relación a outros elementos do Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra-Muxía) discorre en dirección leste-oeste atravesando o ámbito do parque, a uns 500 metros ao norte do aeroxerador máis próximo.

Os aeroxeradores distribúense por unha zona de relevo suave nunha contorna rural de carácter agrario conformada por un mosaico de parcelas de prados e cultivos delimitados por unha densa rede de pistas asfaltadas e camiños. Trátase dunha paisaxe típica de concentración parcelaria onde pequenas manchas forestais compostas por piñeiros e eucaliptos intercálanse entre o mosaico de cultivos. A vexetación autóctona coloniza a zona húmida da Braña do Madeiro e as beiras dos cursos fluviais que regan o territorio e as lindes das terras de labor. A poboación da contorna distribúese en pequenos núcleos rurais nos que as vivendas unifamiliares comparten espazo con distintas explotacións agrogandeiras. As principais estradas que discorren polo ámbito son a autonómica AC-400, ao noroeste do parque, e as provinciais CP-5603 e CP-5604 que atravesan o parque en dirección leste-oeste e norte-sur respectivamente.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha descrición do estado actual da paisaxe e o seu análise; calculase as cuncas visuais e analízase a visibilidade e a intervisibilidade apoiándose en perfís e simulacións infográficas; un estudo da fragilidade visual tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia; unha descrición das características básicas do proxecto; un estudo do impacto do proxecto e dos impactos sinérxicos; unha reportaxe fotográfica e unhas medidas de apantallamento para os núcleos de poboación.





O contido do EIIP non se axusta completamente ao RLPPG, porque lle faltan contidos importantes e teranse que completar os apartados aos que se refiren o epígrafe d) do artigo 27

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre anemométrica, nunha extensa área de topografía suave sen resaltes importantes no relevo, o que lle confire unha alta visibilidade nunha contorna de marcado carácter agrario. Respecto aos efectos sinérxicos con outros parques, conséntase que ao sur do proxecto localízanse distintos parques en funcionamento, estando o máis próximo a uns 2 km do aeroxerador A-06. Ademais, cabe destacar que a menos dun quilómetro ao suroeste do proxecto, atópase en tramitación o parque eólico Alvite, da mesma empresa, coincidindo ambos proxecto nun tramo de pista para o acceso que será acondicionado.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes, o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. En relación ao Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra-Muxía), cabe indicar que pódense producir impactos visuais derivados da curta distancia á que se sitúan os aeroxeradores do Camiño, e ás dimensións dos mesmos, situación que debe ser mitigada.

Tamén poden producirse impactos visuais como consecuencia da distancia aos núcleos de poboación, posto que existen distintos asentamentos localizados a menos dun quilómetro, como son os de Pesadoira, O Pedrouzo, Quintela, Babiñón ou O Cornado. En canto a rede hidrográfica, os camiños propostos atravesan o río dos Maroños e río da Barbeira, localizándose o A01 a 158m da zona húmida da Braña do Madeiro.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística que poden considerarse en xeral adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberanse completar co que se sinala no apartado seguinte.

6. Conclusión:

O proxecto provocará un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, que pola súa forma e altura, e situarse en posicións elevadas, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar o camiño de Santiago, as estradas DP5604 e AC-400 Mazaricos-Santa Comba, e os núcleos de poboación máis próximos. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais e as vías, non supón un impacto crítico.

Tamén terán incidencia os movementos de terras xerados pola implantación da infraestrutura, polo que deben adoptarse as oportunas medidas preventivas e correctoras e en especial no área afectada ao carón da Braña do Madeiro.

O contido do EIIP non se axusta ao establecido no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, polo que deberá ser actualizado e completado segundo as seguintes indicacións:

- Deberá ampliarse a estimación do impacto do proxecto sobre os elementos que configuran a paisaxe, principalmente no referido a visibilidade dende os núcleos da contorna, completando os fotomontaxes para os núcleos identificados no Plan Básico Autonómico (PBA) nun radio menor a 2 km.



- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do RLPPG, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción das directrices.
- De acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b.1 e DX.25, deben preverse as medidas oportunas para mitigar a incidencia visual dos aeroxeradores sobre o Camiño de Santiago.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes, empregando sempre que sexa posible especies autóctonas (ver no apartado 8.3. *Quintela* a referencia a *Cupressus sempervirens*)
- De acordo coas directrices de paisaxe DX.20.d, e i, DX.17a.3 no deseño e posición do centro de seccionamento estarase o disposto nelas co fin de producir a mellor integración posible. No mesmo sentido, para os efectos das directrices de paisaxe DX.17.b.1 e DX.20.o, o peche da parcela do centro de seccionamento deberá complementarse cunha sebe vexetal, de especies autóctonas e adecuadas ao lugar (pode consultarse a este respecto a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*).
- No caso do proxecto do dito edificio, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considerarase o emprego de técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Para asegurar unha mellor integración paisaxística deberase ter en consideración a *Guía de cor e materiais de Galicia dispoñible na web da Xunta de Galicia*.
- En relación aos cursos de auga no interior do parque xustificárase a directriz de paisaxe LA.04 e, no caso concreto do río dos Maroños e do río de Barbeira no referente ao paso dos camiños de acceso aos aeroxeradores A01 e A03, resolverase conforme a directriz de paisaxe DX.21.d.3, velándose tamén pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola conforme á directriz BO.03, tanto no entorno da Braña como nos demais arboredos existentes.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

